



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO (URUGUAI), PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DESTINADOS ÁS PERSOAS DE ORIXE GALEGO E AOS SEUS DESCENDENTES RESIDENTES EN MONTEVIDEO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa casa de Galicia de Montevideo (Uruguai) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2021.

Que o pr

esente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: "Benestar das persoas e as familias e cohesión social" así como co seu obxectivo estratéxico OE02: "Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación".

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración para a concesión dunha axuda á entidade Casa de Galicia de Montevideo, co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e socio asistenciais básicas daquelas persoas de orixe ou ascendencia galega, con nacionalidade española e residentes en Montevideo (Uruguai) que se atopen en situación de carencia ou xubilación con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto ao non estar cubertas polos sistemas públicos de asistencia social, a través dos programas que se enumeran na cláusula oitava do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na República Oriental do Uruguai, reside unha gran colonia formada por persoas de orixe galega e os seus descendentes, que pola súa situación carencial, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A entidade Casa de Galicia de Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, fundada o 1 de outubro de 1917 como sociedade de instrución, recreo, beneficencia, sanidade e protección ao traballo, e xestiona un gran Sanatorio Policlínico central e outros oito policlínicos zonais, que dispoñen de laboratorios de análises clínicas, salas de hemodinamia, sala de operacións e área de información pediátrica. A entidade ten o compromiso de dar cobertura a todos os seus asociados presentes e futuros, na súa maioría persoas de orixe galega e descendentes destas.





Este hospital presta, de xeito excepcional, cobertura sanitaria gratuíta ás ditas persoas, sempre que se atopen en situación de carencia e non podan afrontar o pago das correspondentes cotas sociais, gastos de asistencia sanitaria e adquisición de medicamentos a prezo de mercado, e ven atendendo nualmente a máis de 85 persoas de orixe galego afectadas por esta situación.

A situación motivada pola pandemia causada polo virus da COVID-19 obriga a este tipo de entidades a levar a cabo diferentes accións para previr a súa transmisión comunitaria que van desde aplicar diferentes protocolos de seguridade e hixiene, realizar probas para a detección do virus, tanto a persoas acollidas como ó persoal que lles presta servizos, ata a habilitación de salas de illamento, o que lles obriga a un importante desembolso en adquisicións de abastecementos hospitalarios, equipos de protección persoal, contratación extra de persoal, etc., co fin de extremar as precaucións e manter a asistencia integral ós anciáns acollidos como colectivo especialmente afectado.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de cincuenta mil euros (50.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0(código de proxecto 2021 00007, Axudas a entidades COVID-19) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do proveedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c). da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

